# RESIGNIFICACIÓNS. CONCHA JEREZ / JOSÉ IGES

## *PERFORMANCES*, MESA REDONDA E CONCERTO



CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

15 febreiro - 3 xuño 2025

Auditorio do CGAC
Acceso libre e gratuíto ata completar a capacidade da sala

COORDINACIÓN: Gema Baños

Con relevantes traxectorias individuais, Concha Jerez (As Palmas de Gran Canaria, 1941) e José Iges (Madrid, 1951) desenvolveron de forma paralela, desde hai máis de tres décadas, unha produción común que se contamina e se enriquece na diferenza das súas respectivas linguaxes. Con motivo da exposición *Resignificacións*, presentarán en vivo no CGAC algúns dos seus traballos individuais e conxuntos. O centro organizará ademais unha mesa redonda na que os artistas falarán sobre a evolución da súa obra con varios especialistas do eido nacional.

## PROGRAMA

SÁBADO 15 DE FEBREIRO

12:00 h
*PAISAJES DE 4'33"* (2012)
*Performance* intermedia de Concha Jerez / José Iges

É sabido que hai moitos relatos posibles e que a ficción artística debería servir para socavar o "tecido consensual do real". É o que Concha Jerez e José Iges pretenden cos sons e coas accións desta *performance* intermedia. Os sons veñen de lugares e tempos distantes entre si, comparten un único espazo e toman forma nel xunto a accións específicas. A operación de empregar mostras sonoras para construír novas realidades —ou máis ben novas ficcións, novos relatos— provoca unha dobre desaparición do real. Esa operación é unha *translación* que nos remite a eses lugares, seres ou espazos, pero ao proxectalos noutro contexto privámolos de representatividade, convertémolos en espectros deles mesmos.

XOVES 24 DE ABRIL

19:00 h
*DEDICATORIAS: PRESENT-ACCIONES* (2014-2025)
*Performance* de José Iges

Estas *Present-acciones*, o exemplo máis recente do traballo performativo de José Iges, baséanse nunha selección das sesenta obras sonoras dun minuto que conforman o seu proxecto *Dedicatorias.* En cada caso, esa selección de obras é diferente. Estamos ante unha conferencia expandida, pero tamén ante unha serie de audicións comentadas de obras dun minuto que configuran un concerto de pezas en miniatura.

Con relevantes trayectorias individuales, Concha Jerez (Las Palmas de Gran Canaria, 1941) y José Iges (Madrid, 1951) han desarrollado de forma paralela, desde hace más de tres décadas, una producción común que se contamina y se enriquece en la diferencia de sus respectivos lenguajes. Con motivo de la exposición *Resignificaciones*, presentarán en vivo en el CGAC algunos de sus trabajos individuales y conjuntos. El centro organizará además una mesa redonda en la que los artistas hablarán sobre la evolución de su obra con varios especialistas de ámbito nacional.

## PROGRAMA

SÁBADO 15 DE FEBRERO

12:00 h
*PAISAJES DE 4'33"* (2012)
*Performance* intermedia de Concha Jerez / José Iges

Es sabido que hay muchos relatos posibles, y que la ficción artística debería servir para socavar el "tejido consensual de lo real". Es lo que Concha Jerez y José Iges pretenden con los sonidos y las acciones de esta *performance* intermedia. Los sonidos vienen de lugares y tiempos distantes entre sí, comparten un único espacio y toman forma en él junto a acciones específicas. La operación de emplear muestras sonoras para construir nuevas realidades —o más bien nuevas ficciones, nuevos relatos— provoca una doble desaparición de lo real. Esa operación es una *traslación* que nos remite a esos lugares, seres o espacios, pero al proyectarlos en otro contexto los privamos de representatividad, los convertimos en espectros de ellos mismos.

JUEVES 24 DE ABRIL

19:00 h
*DEDICATORIAS: PRESENT-ACCIONES* (2014-2025)
*Performance* de José Iges

Estas *Present/acciones,* ejemplo más reciente del trabajo performativo de José Iges, se sustentan en una selección de las sesenta obras sonoras de un minuto que conforman su proyecto *Dedicatorias*. En cada caso, esa selección de obras es diferente. Estamos ante una conferencia expandida, pero también ante una serie de audiciones comentadas de obras de un minuto que conforman un concierto de piezas en

Neste traballo interxénero, o artista evoca os programas de radio dos anos cincuenta, con presentador-*showman*, especialista en inventar ruídos, música en vivo ou gravada e, sobre todo, público en directo. A todo iso súmase a fascinación de Iges pola prestidixitación e a sorpresa, ou a súa práctica respectuosa do apropiacionismo, pero tamén unha certa posta en escena do equívoco discurso dos medios e da fraxilidade dos soportes, que nos levan apenas sen pretendelo a un drama de espazos e de tempos.

19:35 h
*INTERVALO ÚNICO DE TIEMPO AUTOCENSURADO* (2013-2025)
*Performance* de Concha Jerez

Esta performance comparte co público un tempo único e irrepetible. Nela, a artista aborda o tema da autocensura, que está presente na súa obra desde 1974 e que nos últimos anos percibe cunha intensidade extrema e preocupante nas nosas sociedades democráticas. Autocensurámonos porque o que queremos dicir non é politicamente correcto, socialmente correcto ou persoalmente correcto. E calamos mediante o exercicio voluntario que autocensura o noso pensamento e a nosa vida pública e privada.

VENRES 25 DE ABRIL

19:00 h
MESA REDONDA SOBRE A OBRA DE CONCHA JEREZ / JOSÉ IGES

Participantes: Gloria Picazo (crítica de arte e comisaria de arte independente de arte contemporánea), Miguel Álvarez Fernández (artista sonoro, compositor, musicólogo, comisario de proxectos de arte sonora, ensaísta, director de cinema e produtor musical) e os artistas Concha Jerez e José Iges. Moderadora: Alicia Murría, comisaria da exposición (historiadora, comisaria, crítica de arte, fundadora e directora da revista *Artecontexto* entre 2004 e 2023).

MARTES 3 DE XUÑO

20:00 h
*PRÉSTAME 88* (1995)
Concerto intermedia de Concha Jerez / José Iges

Oitenta e oito son as teclas dun piano, como tamén o son idealmente as obras que os autores tomaron *prestadas* da literatura pianística do século XX. Eses *xestos musicais* teñen orixes tan diversas como a música de concerto e acción, co piano como elemento central. A forma resultante ten algo de radiofónica, se temos en conta que testemuños de compositores e musicólogos se van trenzando ao longo da peza coas obras mesmas, interpretadas en vivo ou difundidas a través de gravacións e, en ocasións, tratadas electronicamente.

Intérpretes: Ana Vega Toscano, piano e locucións; Concha Jerez, *performer*; José Iges, locucións e mestura

miniatura. En este trabajo intergénero el artista evoca los programas de radio de los años cincuenta, con presentador-*showman*, especialista ruidero, música en vivo o grabada y, sobre todo, público en directo. A todo ello se suma la fascinación de Iges por la prestidigitación y la sorpresa, o su práctica respetuosa del apropiacionismo, pero también una cierta puesta en escena del equívoco discurso de los medios y de la fragilidad de los soportes, que nos llevan apenas sin proponérselo a un drama de espacios y de tiempos.

19:35 h
*INTERVALO ÚNICO DE TIEMPO AUTOCENSURADO* (2013-2025)
*Performance* de Concha Jerez

Esta *performance* comparte con el público un tiempo único e irrepetible. En ella, la artista aborda el tema de la autocensura, que está presente en su obra desde 1974 y que en los últimos años percibe con una intensidad extrema y preocupante en nuestras sociedades democráticas. Nos autocensuramos porque lo que queremos decir no es políticamente correcto, socialmente correcto o personalmente correcto. Y callamos mediante el ejercicio voluntario que autocensura nuestro pensamiento y nuestra vida pública y privada.

VIERNES 25 DE ABRIL

19:00 h
MESA REDONDA SOBRE LA OBRA DE CONCHA JEREZ / JOSÉ IGES

Participantes: Gloria Picazo (crítica de arte y comisaria independente de arte contemporáneo), Miguel Álvarez Fernández (artista sonoro, compositor, musicólogo, comisario de proyectos de arte sonoro, ensayista, director de cine y productor musical) e os artistas Concha Jerez e José Iges. Moderadora: Alicia Murría, comisaria de la exposición (historiadora, comisaria, crítica de arte, fundadora y directora de la revista *Artecontexto* entre 2004 y 2023).

MARTES 3 DE JUNIO

20:00 h
*PRÉSTAME 88* (1995)
Concierto intermedia de Concha Jerez / José Iges

Ochenta y ocho son las teclas de un piano, como también lo son idealmente las obras que los autores han tomado *prestadas* de la literatura pianística del siglo XX. Esos *gestos musicales* tienen orígenes tan diversos como la música de concierto y la acción, con el piano como elemento central. La forma resultante tiene algo de radiofónica, si tenemos en cuenta que testimonios de compositores y musicólogos se van trenzando a lo largo de la pieza con las obras mismas, interpretadas en vivo o difundidas a través de grabaciones y, en ocasiones, tratadas electrónicamente.

Intérpretes: Ana Vega Toscano, piano y locuciones; Concha Jerez, *performer*; José Iges, locuciones y mezcla

CGAC Centro Galego de Arte Contemporánea

DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN
Rúa Ramón del Valle Inclán 2
15703, Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 631/02
cgac.pedagogia@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal